



Agoiña miragreira

Ramón Cabanillas

AGOIÑA MILAGREIRA

Para Leonardo Rodríguez, con fonda devoción

Ramón Cabanillas Enríquez

VENTO MAREIRO, 1921

Edita: CANDEA

Fotos e montaxe: Adela Leiro, Mon Daporta

Depósito Legal:

Imprime:




Coincidindo co ano de Ramón Cabanillas o grupo Tesal quixo unirse á fotógrafa Adela Leiro para renderlle cumprida homenaxe a tan sobranceiro autor.

Esta pequena xoia combina un dos seus más fermosos poemas coa arte da nosa amiga, para xuntos amosarnos as maravillas da nosa razón de ser: a auga.

Un sinxelo agasallo co que expresarles os nosos mellores desexos.

Grupo Tesal



Agoa homilde, ágoa irmán,
ágoa chea de gracia, de dozura e beleza
Agoa maina, ágoa san,
que eres toda limpeza,
craridade e saúde
e fartura de pan,



que eres toda virtude
contra o aire de sapo, o ferrón do alacrán,
a pezoña da cobra e a dentada do can!



Ágoa boa que prega, e que ri, e que canta,
antre todas as cousas eres bendita e santa!
É dos homes e os vermes este mundo emporcado.
este berce do dor...
É dos anxes e os limpos ese ceo azuado,
a divina seara
onde trunfa o amor...
Á ágoa boa, á ágoa homilde, á ágoa crara,
é do Noso Señor!



Nas adoas do orballo de locente feitizo,



nos pelouros saltóns do pedrizo,



nos cristás da xiada,



no milagre da choiva,



na folerpa da neve, bordada
como encaixe de noiva,
na folerpa da neve, tecida
como velo de freira,



barbullada nas fontes da vida,
lanzal mensaxeira
das outras rexións,
a ágoa homilde, mainiña, rideira,
chega sempre mandada de Dios!



Cando baixa do ceo ven ó mundo alegria
e brilan os penedos e reloce a campía




e cóbrense de follas carballos e silveiras
e surden as erbiñas á beira dos camiños.



verdexan os liñares, frorecen as roseiras
e cantan os muíños!



Ó seu bico amoroso, a terra estremecida
sinte na entraña morta o latexo da vida,
e do gran enterrado
na torroeira lañada polo ferro do arado,
do gran apodrecido,
sai o varal erguido
da espiga coroado,
da espiga farturenta que é pan de bendición,
-ledicia, paz, quentura, risada do fogar-
e carne de Dios, viva, -a carne da Pasión-
no misterio do altar!




Agoíña milagreira
nas pedras saloucante, nos regos rexoubeira,
bulidora no monte, repousada no val,
dame a túa homildade,
éncheme de craridada,
límpame de todo mal!



E ti, agoíña mansa, silenzosa e tristeira,
no rodicio batida,
na presa escravizada e prisioneira
e dos pozos nas trevas afundida
e fedenta e enlixada na lameira,
sofre do mal das almas, sofre do mal de amor,
sofre, chora e padece como Nosos Señor!



Soio o dor é Salvador!
Unha pinga da ágoa
é a bágoa.
E a bágoa é o dor!



Home que chorás! Nunca lle terás de pagar
o ben que a Dios lle debes porque podes chorar!
A bágoa do traballo
-da bandarria e do pico, do legón e do mallo-
é a pinga do suor.



Home traballador!
O do suor na frente
e a man encortizada polo callo!
Dios te terá presente!
O suor purificante
o do traballo abafante,
o do longo camiño polvorento
coa cruz ás costas, solo, sin alento...!
Ou bágoa santificante
a da fonda ferida
a da espranza fuxida
a da morta ilusión...!
Coroame a frente doída e runxida,
suor santo do mallo e o legón!



Agoa santa das bágoas, recendo da vida,
escalda os meus ollos e o meu corazón!



a auga cóidate, Tesal mímate...

Galicia

Centro Tesal Balneario Compostela
Hotel Balneario de Compostela • Bríon (Santiago de Compostela)
Centro Tesal Thalasso Spa Moaña
Hotel Bienestar Moaña • Moaña (Pontevedra)
Centro Tesal Spa Termas de Villalba
Hotel Husa Spa Villalba • Villalba (Lugo)
Centro Tesal Balneario de Cortegada
Balaneario de Cortegada • Cortegada (Orense)

Portugal

Centro Tesal Termas de Monção
Termas de Monção • Monção (Portugal)

Castilla y León

Centro Tesal Spa Vega de Salamanca
Hotel Doña Brígida • Villamayor de la Armuña (Salamanca)
Centro Tesal L'Spa Los Angeles de San Rafael
L'Spa • Los Angeles de San Rafael (Segovia)

Andalucía

Centro Tesal Thalasso Spa La Duquesa Golf
Hotel Suites Duquesa Golf • Manilva (Málaga)
Centro Tesal Spa Valentín Sancti Petri
Hotel Valentín Sancti Petri • Chiclana de la Frontera (Cádiz)

Alicante

Centro Tesal Thalasso Spa Altea
Hotel Meliá Villa Gadea • Altea (Alicante)
Centro Tesal Salux Hills
Hotel Meliá Salux Hills • Altea (Alicante)

Baleares

Centro Tesal Thalasso Spa Fenicia
Hotel Insotel Fenicia Prestige • Santa Eulalia del Río (Ibiza)
Centro Tesal Spa Insotel Punta Prima
Hotel Insotel Punta Prima Prestige • Punta Prima (Menorca)

2009

ANO CABANILLAS



Tesal
TERMALISMO | TALASOTERAPIA | SPA

